



## CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO  
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52  
E-mail: info@concellocarballedo.es

### **BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DO CONCELLO DE CARBALLEDO 2020.**

- As bases polas que se rexerá o Concurso de Disfraces Entroido Carballedo 2020 son as seguintes:

#### **PRIMEIRA: OBXECTO**

A través da presente convocatoria o Concello de Carballedo convoca concurso de disfraces individuais, por parellas e de grupos que se celebrará con motivo do Entroido 2020 o vindeiro domingo 23 de febreiro ás 18:00horas, no Pavillón Polideportivo Municipal, a Barrela, rematando ás 20:00 horas.

O gasto total destinado a premios é de 790 euros, con cargo á aplicación presupostaria 338.22609 do Presuposto do Concello para o ano 2020.

Esta convocatoria rexerá polas presentes bases que estarán a disposición dos interesados no Concello de Carballedo e na páxina web:

<http://www.concellocarballedo.es>

#### **SEGUNDA: BENEFICIARIOS**

Poderán ser beneficiarios dos premios as persoas físicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### **TERCEIRA: CATEGORÍAS DE PARTICIPANTES**

Quedan establecidas tres categorías:

1ª categoría: categoría individual infantil e xuvenil (ata 18 anos, inclusive).

2ª categoría: categoría individual adultos (de 18 anos en adiante).

3ª categoría: categoría para comparsas (tres ou máis integrantes, para tódalas idades).

#### **CUARTA: SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN**

O prazo de inscrición comprenderá dende o día 10 de febreiro ata ás 17:30 horas do domingo 23 de febreiro.

A inscrición dos participantes realizarase nas oficinas do Concello ou no teléfono 982466201 ata o día 21 de febreiro ou o propio día do concurso de 16:30 h a 17:30h no Pavillón Municipal.



## CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO  
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52  
E-mail: info@concellocarballedo.es

Unha mesma persoa non poderá participar nin optar a premio en mais de unha categoría. Xunto coa solicitude de inscrición deberán presentar: Maiores de idade: fotocopia do DNI.

Menores de idade: fotocopia do DNI da persoa que os represente e a autorización para participar no concurso.

Indicación da categoría na que desexa participar.

### **QUINTA: PREMIOS**

- CATEGORIA INDIVIDUAL INFANTIL E XUVENIL (ATA 18 ANOS, INCLUSIVE):

1º PREMIO: VALE MATERIAL DEPORTIVO: 100 €

2º PREMIO: VALE MATERIAL ESCOLAR: 60 €

3º PREMIO: VALE MATERIAL DEPORTIVO: 50 €

4º PREMIO: VALE MATERIAL ESCOLAR: 40 €

- CATEGORIA INDIVIDUAL ADULTOS (DE 18 ANOS EN ADIANTE):

1º PREMIO: 50 EUROS

2º PREMIO: 40 EUROS

- CATEGORIA PARA COMPARSAS (TRES OU MÁIS INTEGRANTES DE TODALAS IDADES):

1º PREMIO: 200 EUROS

2º PREMIO: 150 EUROS

3º PREMIO: 100 EUROS

### **SEXTA: XURADO E PUNTUACIÓN**

O xurado a tal efecto será o encargado de otorga-los premios e estará composto por:

- 3Ç

membros do público asistente

Todos os membros do xurado deberán asinar un acta na que se recollan as puntuacións acadadas por cada participante e os gañadores de cada categoría.

Obterán os premios aqueles disfraces que maior puntuación. En caso de empate, procederase a unha segunda puntuación.

Os premios poderán ser declarados desertos polo xurado do concurso, que deberá facelo constar na acta correspondente.



## **CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)**

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO  
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52  
E-mail: info@concellocarballedo.es

No concurso valorarase a orixinalidade, a vistosidade e a escenificación, valorándose en maior medida os disfraces de creación propia.

### **SÉPTIMA: ENTREGA DE PREMIOS.**

A entrega de premios terá lugar o mesmo día de celebración do Entroido: unha vez realizada a votación polo Xurado, o secretario fará publico o resultado, mediante a lectura do acta correspondente.

### **OITAVA: OBRIGAS DOS PARTICIPANTES**

A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das presentes bases, sendo a decisión do Xurado inapelable.

### **NOVENA: RECURSOS**

A resolución de concesión dos premios esgota a vía administrativa e contra ela cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.